

Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL**

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

Subvencións e axudas*BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A VIVENDAS BALEIRAS
PARA ALUGUEIRO (2276/433)**Expediente 2276/433**ANUNCIO**BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A VIVENDAS BALEIRAS PARA ALUGUEIRO
A PREZO TAXADO NO CONCELLO DE VIGO. 2026-2027.*

Con data 23.04.2026 a Concelleira Delegada da A.G. de Urbanismo e Vivenda resolveu:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras así como os anexos I, II, III e IV das bases para o outorgamento de axudas a vivendas baleiras para alugueiro a prezo taxado, en réxime de concorrencia non competitiva, no termo municipal de Vigo, para os exercicios 2026 e 2027.

SEGUNDO.- Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como na web deste Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Dar conta da Resolución unha vez asinada, ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, para o exercicio das súas labores de control, conforme o art. 10.3 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo así como á Oficina Municipal de Rehabilitación da Vivenda, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse ou ben recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

ANEXO

**BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A VIVENDAS BALEIRAS
PARA ALUGUEIRO A PREZO TAXADO NO CONCELLO DE VIGO PARA O PERÍODO
2026-2027. EXPEDIENTE 2276/407.**

INDICE:

Base 1ª. Obxecto e réxime da convocatoria.

Base 2ª. Persoas beneficiarias, requisitos e obrigas.

Base 3ª. Requisitos das vivendas baleiras e da edificación.

Base 4ª. Actuacións e custos subvencionables.

Base 5ª. Contía das axudas.

Base 6ª. Procedemento de tramitación.

Base 7ª. Solicitudes. Documentación a presentar e prazos.

Base 8ª. Publicidade.

Base 9ª. Tratamento de datos de carácter persoal. Comprobación de datos.

Base 10ª. Causas de denegación.

Base 11ª. Compatibilidade con outras axudas.

Base 12ª. Prazo e forma de xustificación das condicións da subvención.

Base 13ª. Tributación das axudas.

Base 14ª. Perda e reintegro da subvención. Réxime de infraccións e sancións.

Base 15ª. Normativa de aplicación.

Base 16ª. Disposición adicional. Crédito orzamentario.

Base 17ª. Disposición final.

Base 1ª. Obxecto e réxime da convocatoria.

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases que regularán a concesión de subvencións para fomentar a posta a disposición da cidadanía de vivendas baleiras existentes no termo municipal do Concello de Vigo, con destino ao alugamento a prezo taxado co fin de reducir o problema de acceso a unha vivenda digna no termo municipal. Para acadar este obxectivo, o Concello de Vigo creou un programa de mobilización de vivendas baleiras de titularidade privada para a súa incorporación ao mercado de alugueiro de prezo taxado para poder destinalas a



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

aquelas unidades familiares ou de convivencia con maior dificultade de acceso á vivenda para o ano 2025 e para dar continuidade a dito programa amplíase ás anualidades 2026 e 2027, con algunhas modificacións que melloran as condicións das axudas co fin de chegar a máis posibles solicitantes, logo dun ano de experiencia. Neste programa se promove a concesión de subvencións á rehabilitación de vivendas, á elaboración de Certificados de Eficiencia Enerxética do estado actual do inmovible ou á contratación de seguros que cubran a falta de pagamento e multiriscos para vivendas baleiras que se destinen a alugueiro de prezo taxado.

O procedemento para a concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrència non competitiva que, de conformidade co art. 19.2, da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (en adiante LSG), coas garantías previstas no artigo 31.4 da LSG e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Estas axudas terán carácter plurianual, comprendendo as actuacións realizadas entre o 1 de abril de 2026 e o 30 de novembro de 2027, ambos os dous incluídos.

O texto da convocatoria, unha vez aprobada polo órgano competente, e o seu extracto, subministrárase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para que esta lle de traslado do correspondente extracto da convocatoria ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) para a súa publicación. A eficacia da convocatoria queda supeditada á publicación do seu extracto no diario oficial, que determinará o inicio do cómputo do prazo para a presentación de solicitudes. Tamén serán publicadas na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), no Portal de Transparencia e na Sede Electrónica no apartado “Convocatorias e subvencións”, sen prexuízo da súa remisión á Base Nacional.

1.1. Definicións:

Vivenda baleira. Enténdese por vivenda baleira susceptible de recibir esta axuda, aquela que non teña residentes empadroados e/ou contrato de alugueiro nos 3 meses anteriores á súa incorporación a este programa, exceptuando circunstancias debidamente xustificadas, que poderán ser valoradas pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

Gasto realizado. Enténdese por gasto realizado o que foi efectivamente aboado para as actuacións subvencionadas con anterioridade á finalización do período de xustificación fixado nas bases.

Vivenda de alugueiro a prezo taxado. A definición de vivenda de alugueiro a prezo taxado deste programa é aquela vivenda na que o prezo do alugueiro non excede de 700€ ou de 750€ se non solicita a subvención recollida na base 5ª a) para honorarios de proxecto, obra e/ou equipamento na vivenda.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

Base 2ª. Persoas beneficiarias, requisitos e obrigas.

2.1. Beneficiarios/as.

a) Poderán acceder a estas axudas as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas baleiras que non sexan titulares de máis de 3 inmobles que sexan promotoras das actuacións subvencionables, nas que se cumpran os requisitos desta convocatoria, que promovan e executen ou teñan executado no período estipulado na base primeira, as actuacións obxecto desta convocatoria.

b) Así, poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas persoas que se axusten aos requisitos establecidos nestas bases reguladoras e na convocatoria.

c) tamén poderán ser beneficiarias de estas axudas as entidades sen ánimo de lucro que teñan dentro dos seus estatutos ou principios fundacionais, o acceso de colectivos vulnerables a unha vivenda digna.

2.2. Requisitos.

- Os beneficiarios deberán estar ao día nas súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, coa Seguridade Social, e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto co Concello de Vigo no momento da concesión da subvención.
- Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles que incorran nalgunha das incompatibilidades e/ou prohibicións previstas no art. 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS) e no artigo 10.2 da LSG.
- As vivendas poderán ser visitadas polos técnicos municipais e non se poderán subvencionar partidas de obra iniciadas con anterioridade á realización da visita dos técnicos ou sen datos fidedignos do estado previo ás obras.

2.3. Obrigas dos beneficiarios.

a) Executar as actuacións que fundamenten a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente a observancia dos requisitos e das condicións, así como a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención. Deberase comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención e que poida ocasionar a perda sobrevida do dereito á axuda.

c) Destinar a vivenda baleira por un prazo non inferior a cinco anos ao alugueiro taxado, axustando o importe máximo do contrato ás condicións do arrendamento en réxime de protección indicado no apartado de definicións destas bases.

Este prazo computarase desde a data da resolución definitiva da subvención.

d) Estar en disposición dos títulos habilitantes esixibles para o desenvolvemento dos traballos obxecto da axuda (comunicación previa, licenza...), así como cumprir cos requisitos establecidos nas normativas de aplicación.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

e) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á edificación para canda comprobación teñan que realizar para os efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal coa finalidade de comprobar toda aquela documentación e información que lle for requirida.

f) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamenten a concesión da subvención. Esta comunicación deberá de se efectuar no momento no que se coñeza e, en todo o caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

g) Os beneficiarios deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, coa Consellaría de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), no momento de seren seleccionados e no momento do pagamento das axudas.

h) Non teren débedas co Concello de Vigo no momento de seren seleccionados e no momento do pagamento das axudas.

i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

j) Dar publicidade do carácter público do financiamento, mediante a colocación, en lugar visible, na edificación na que se leven a cabo as actuacións, dun cartel informativo tamaño A3, conforme ao modelo oficial establecido no anexo IV destas bases. Este cartel será facilitado pola Oficina Municipal no prazo dos dez días seguintes á notificación do outorgamento da axuda, e deberá colocarse durante o prazo mínimo de seis meses a contar desde o seguinte á súa entrega.

k) As recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (LSG).

f) O cumprimento das bases reguladoras do presente procedemento e todas cantas veñan impostas pola lexislación vixente en materia de subvencións.

l) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da LSG.

Base 3ª. Requisitos das vivendas baleiras e da edificación.

As vivendas baleiras obxecto de subvención, deberán cumprir todos e cada un dos seguintes requisitos:

a) Estar situadas no termo municipal de Vigo.

b) Non contar con residentes empadroados e/ou contrato de alugueiro nos 3 meses anteriores á súa solicitude de incorporación a este programa, agás nos seguintes casos:

- As vivendas que queden baleiras como consecuencia do ingreso dos seus titulares nalgún dos servizos sociais residenciais para a terceira idade ou persoas dependentes. Neste caso achegarase certificación acreditativa do devandito ingreso.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

- Outras circunstancias debidamente xustificadas, que poderán ser valoradas pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

c) A edificación en cuestión non debe ter incoado ningún expediente de protección ou restauración da legalidade urbanística nin tratarse de edificacións ruinosas declaradas así mediante resolución firme conforme á lexislación vixente ou respecto das que exista en trámite expediente contradictorio de ruína e contarán con ITE ou IAE favorable ou acadala coas obras de reforma rematadas.

d) Que non exista contenda ou litixio xudicial en activo por mor da titularidade do inmovible.

e) Que a vivenda non recibise anteriormente axudas do programa de concesión de axudas a vivendas baleiras para alugueiro a prezo taxado do Concello de Vigo.

f) Que a vivenda conte ou acade tralas obras propostas as condicións mínimas de habitabilidade, recollidas no artigo 14 das Normas de Habitabilidade de Galicia no tocante a salubridade e hixiene, como unha dotación mínima de instalacións na vivenda, alturas libres mínimas, condicións de acceso e indivisibilidade da vivenda, luz natural, relación co exterior e condicións de vivenda exterior. Tamén deberá contar con cociña amoblada e equipada e baño completo. As instalacións mínimas consideraranse as de abastecemento de auga, electricidade en bo servizo e auga quente sanitaria.

A vivenda poderá ser visitada polos técnicos municipais para comprobar que a vivenda cumpre con estas condicións mínimas de habitabilidade.

Base 4ª. Actuacións e custos subvencionables.

Serán subvencionables as actuacións realizadas e efectivamente aboadas no período estipulado na base primeira, sempre que os custos se atopen nalgún dos seguintes supostos:

4.1 Custos subvencionables:

O custo subvencionable virá determinado polo valor subvencionable total da actuación, excluídos os custos de licenzas, taxas, impostos ou tributos. O IVE poderá ser considerado subvencionable a condición de que non poida ser susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial.

4.1.1 Honorarios técnicos de proxecto, obras e equipamento na vivenda.

En xeral, consideraranse subvencionables os custos de equipamentos, materiais, obra civil, man de obra asociados a obra e posta a disposición da vivenda, incluíndo:

a) A redacción de documentación para consecución de títulos habilitantes como comunicación previa ou memoria-proxecto ou documentación para certificación enerxética.

b) Obras de conservación e mantemento no interior e/ou no exterior da vivenda como pintado, reparación, modernización de baños, aseos e cociñas, substitución de carpintarías, etc.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

c) Obras de rehabilitación precisas para garantir a habitabilidade da vivenda, así como as obras necesarias para o correcto funcionamento das súas instalacións e/ou para a súa adaptación á normativa vixente (instalacións de fontanaría, saneamento, baixa tensión e iluminación, ventilación, calefacción, etc).

d) Axustes na distribución interior da vivenda que non impliquen unha alteración substancial da súa configuración.

e) Adquisición e colocación de mobiliario de cociña, así como dos seguintes electrodomésticos: neveira, cociña, forno e cambota extractora.

f) Cambio de sanitarios, bañeira e anteparos.

4.1.2 Honorarios técnicos para a redacción do CEE.

Elaboración de Certificado de Eficiencia Enerxética do inmovible, no caso de non dispor del ou non telo actualizado.

4.1.3 Contratación de seguros.

Contrato de seguros que cubran a falta de pagamento e multirriscos das vivendas a destinar ao alugueiro dentro do programa.

4.2 Custos non subvencionables.

Non serán subvencionables:

a) Impostos, taxas e tributos, agás o IVE.

b) Incrementos do orzamento por gastos non recollidos inicialmente na solicitude achegada.

c) Gastos de mantemento das instalacións ou infraestruturas cuxa execución se subvenciona.

d) Gastos que non estean claramente definidos e que non se tivesen reflectidos no orzamento e/ou proxecto incluído na documentación que conste entregada na solicitude oficial no rexistro da Xerencia.

e) Gastos e custos financeiros derivados do investimento.

f) Intereses debedores das contas bancarias.

g) Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.

h) Gastos de procedementos xudiciais.

Base 5ª. Contía das axudas.

Cada propietario poderá solicitar, todas ou algunha das seguintes axudas, cun importe máximo de 20.200€:

a) Honorarios de proxecto, obra e/ou equipamento na vivenda.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

O custo máximo subvencionable ascende a 30.000 euros incluíndo os custos do importe real e efectivo da obra e/ou equipamento, e de ser o caso, dos honorarios técnicos de redacción do proxecto.

O importe máximo das axudas para estes conceptos será de 17.000€ e calcularase en función do custo subvencionable, que se divide en dous tramos do xeito seguinte:

1. Ata un custo subvencionable de 16.000€, o importe máximo da axuda será do 80% ata 12.800 euros.
2. Para o resto do importe e ata o custo máximo subvencionable de 30.000€, o importe da axuda municipal será do 30% ata un máximo de 4.200€.

En todo caso o importe máximo da axuda de honorarios técnicos non poderá superar en ningún caso os 500 euros.

No caso de propietarios de varias vivendas, só poderá solicitarse unha axuda por propietario ao ano para estes gastos de honorarios, obra e/ou equipamento.

A solicitude desta axuda implicará un tope máximo mensual da renda en 700€ para todas as vivendas.

b) Honorarios técnicos Certificado de Eficiencia Enerxética (CEE).

O importe total da axuda para a obtención do CEE será do 100% cun máximo de 200 euros.

c) Contratación de seguros.

O importe total da axuda para as primas de risco de falta de pagamento e/ou multirriscos será do 100% cun importe máximo anual de 600 euros ata o total de 3.000 euros durante os 5 anos de contrato de alugueiro.

Unha vez solicitada esta/s axuda/s non se poderá solicitar unha nova subvención para a mesma vivenda durante o prazo mínimo de 5 anos.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser dunha contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

O Concello de Vigo consignará anualmente certa cantidade no presuposto da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo en función das solicitudes e das súas posibilidades orzamentarias.

As axudas concederanse por orde de presentación da documentación acreditativa esixida nestas bases, aboándose unha vez xustificado o gasto efectivo das obras rematadas, do equipamento, do certificado de eficiencia enerxética e/ou do seguro contratado, e unha vez comprobada toda a documentación achegada e realizada visita final dos técnicos municipais, de ser o caso.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

No caso de que a solicitude cumpra os requisitos para a obtención da axuda, pero a contía para ese exercicio estea esgotada, esta terá prioridade para obter financiamento no seguinte orzamento.

Base 6ª. Procedemento de tramitación.

A concesión destas axudas atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Xerencia Municipal de Urbanismo destinada para o tal fin no exercicio correspondente, que poderá ampliarse mediante resolución do órgano competente.

a) Iniciación: O procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva iníciase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (Concelleira Delegada de Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo), publicada na BDNS, que remitirá extracto da convocatoria ao BOP de Pontevedra.

b) Instrución: A concesión realizarase con posterioridade a que o solicitante presente a solicitude oficial e a documentación completa dentro dos prazos estipulados na convocatoria, da comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases e sempre que se dispoña de crédito orzamentario suficiente. A selección de beneficiarios será por rigorosa orde de presentación da solicitude e de toda a documentación completa á que se refire a Base 7 mediante os impresos normalizados.

Cada solicitude xerará, no momento do seu rexistro, un número de expediente. No suposto de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación da documentación relativa á dita solicitude.

O servizo responsable do programa, revisará a documentación achegada, e comprobará que a solicitude se ache presentada dentro prazo da convocatoria. Se a solicitude estivera presentada dentro de prazo e non reunise os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase ás persoas interesadas para que emenden a falta e presenten os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de 10 días segundo o regulado no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante LPAC-AP), co apercibimento de que, de non facelo, teráselle desistida a súa petición, conforme o establecido no art 94 da LPAC-AP e, no seu caso, da declaración de caducidade e arquivo das actuacións, polo transcurso do prazo de tres meses de paralización do procedemento imputable á persoa interesada.

As persoas físicas deberán indicar expresamente na solicitude oficial, a modalidade escollida para as notificacións do presente procedemento, no caso de ser por medios electrónicos deberán indicar como medio preferente para efectos de notificacións a vía electrónica, indicando o correo electrónico onde recibir estas comunicacións. Con independencia de que a notificación sexa realizada en papel ou por medios electrónicos, as Administracións Públicas enviarán un aviso ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico da persoa interesada indicado na solicitude, informándoo da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

da Administración ou Organismo correspondente ou no enderezo electrónico único habilitado. A falta de práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións en papel seguirán a regulación establecida no art 42 da LPAC-AP.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á Oficina Municipal dependente da Xerencia Municipal de Urbanismo, a cal poderá realizar de oficio todas aquelas actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de acordo co art. 21 da LXS.

c) Proposta de resolución: Unha vez completado o expediente e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas a oficina municipal encargada emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos e elevará a proposta de resolución ao órgano competente que neste caso é a Concelleira Delegada de Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo.

d) Resolución: Corresponde á Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda e posteriormente darase conta da resolución ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, para o exercicio dos seus labores de control, conforme o art. 10.3 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

O prazo para resolver o outorgamento da subvención será de tres (3) meses contados desde a data de presentación da solicitude. Finalizado este prazo sen resolución nin notificación expresa, poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo.

A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas consonte co disposto nos artigos 40 e seguintes da LPAC-AP.

f) Recursos: Contra a resolución de outorgamento ou denegación de subvención poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante a Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda no prazo de un mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, as persoas interesadas poderán desistir da súa solicitude. Estes desistimentos aceptaranse de plano pola Administración concedente, declarando concluso o procedemento.

Nos casos de solicitude de axudas para obras e/ou equipamento na vivenda, logo da achega do solicitante da documentación xustificativa da subvención, os técnicos municipais poderán xirar visita final de comprobación. Será necesario obter informe favorable da visita de comprobación dos técnicos ou da documentación final achegada, previo á realización dos trámites de pagamento da subvención.

O contido, condicións ou importes destas bases poderán modificarse mediante resolución da persoa competente, que deberá publicarse no BOPPO e na páxina web do Concello de Vigo.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

Base 7ª. Solicitudes. Documentación a presentar e prazos.

A solicitude realizarase mediante a presentación do modelo establecido no Anexo I destas bases, mediante presentación telemática na 'Carpeta Cidadá' da Sede Electrónica da web oficial do Concello de Vigo (sede.vigo.org), dirixida á Oficina Municipal encargada da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo. Deberá cubrir unha solicitude independente para cada axuda que solicite: de honorarios de proxecto e execución de obras, para a redacción da CEE e/ou a contratación dun seguro multirrisco.

Esta convocatoria está dirixida a persoas físicas que poderán presentar a súa solicitude por vía electrónica ou en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da LPAC. O medio elixido pola persoa física para comunicarse coas Administracións Públicas poderá ser modificado por aquela en calquera momento.

A presentación telemática pode realizarse na 'Carpeta Cidadá' da Sede Electrónica da web oficial do Concello de Vigo (sede.vigo.org), dándose de alta ou accedendo mediante certificado electrónico dixital.

O prazo para a presentación de solicitudes, información e documentación complementaria se abrirá o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) vía BDNS, e rematará en data 01.10.2026 para a anualidade 2026 e o 01.10.2027 para a anualidade 2027.

O Anexo I inclúe unha serie de declaracións e compromisos que deben ser cubertos na súa integridade.

A presentación dunha solicitude oficial de subvención deste programa levará implícita a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, A Tesouraría Municipal do Concello de Vigo e a Axencia Tributaria de Galicia. Con todo, a persoa solicitante poderá denegar expresamente este consentimento, debendo presentar estas certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Documentación que presentar xunto á solicitude.

Xunto ao modelo de solicitude oficial (Anexo I) deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI do solicitante e representante –de ser o caso– formalmente nomeado.
- b) Escritura pública, certificado, nota simple rexistral ou calquera outro documento que acredite a titularidade da propiedade ou o usufruto da vivenda, xunto co impreso de declaración responsable dos titulares da vivenda (ANEXO II).
- c) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome do suxeito solicitante.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

d) Proxecto ou memoria descritiva na cal se expresen as actuacións subvencionables, con indicación do orzamento e do prazo previsto de realización das actuacións, que non poderá exceder os dous meses desde a notificación da resolución de concesión.

e) De ser o caso, títulos habilitantes para a execución das obras: comunicación previa, licenza ou outras autorizacións.

f) Xustificación da necesidade de redactar CEE do inmovible.

g) Xustificación da necesidade de contratar un seguro que cubra a falta de pagamento e multiriscos da vivenda a destinar ao alugueiro.

h) No caso de non autorizar a esta administración á obtención dos mesmos, deberán achegar certificacións acreditativas de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, da Tesouraría Municipal e da Axencia Tributaria de Galicia).

i) Fotografías da edificación en cuestión e dos espazos onde se pretende acometer as obras ou teñen necesidade de equipamento, mobiliario, etc.

j) Orzamento de execución das obras elaborado pola empresa executora, detallado e desagregado por conceptos, traballos, materiais, man de obra, relación de equipamento co seu prezo, etc.

Cando o importe da actuación subvencionable supere a contía de 40.000 euros (IVE excluído), a persoa solicitante deberá achegar como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores da actuación a subvencionar, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da LXS, e no artigo 29.3 da LSG. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da LSG.

k) Calquera outro documento que consideren oportuno.

A persoa solicitante poderá acollerse ao dereito a non achegar documentos que obren en poder da Administración convocante, sempre que se faga constar a data, o órgano ou a dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer. Presumirase a autorización da persoa interesada, ao acceso a esta documentación por parte deste organismo, salvo que conte oposición expresa. De solicitar máis dunha subvención deste programa, a documentación complementaria poderá achegarse xunto cun anexo I a un expediente facendo mención nos outros anexos I á referencia do expediente no que obre toda a documentación completa.

O organismo convocante poderá requirir calquera outra documentación que considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polas persoas solicitantes, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

Base 8ª. Publicidade.**8.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.**

As bases reguladoras da concesión das axudas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Logo desta publicación, a convocatoria enviarase á Base de Datos Nacional de Subvenciones, que a remitirá ao boletín correspondente, e publicándose tamén no xornal de maior difusión na provincia.

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes, facilitaranse na páxina de convocatorias e subvencións da Xerencia Municipal do Concello de Vigo, na páxina web www.vigo.org, e no rexistro da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.

8.2. Consentimento e autorizacións.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras, o consentimento e autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que pode emitir o Concello de Vigo, así como as autorizacións para que o Concello de Vigo poida solicitar as certificacións que deban emitir outros organismos competentes.

8.3. Publicidade das subvencións concedidas.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, o Concello de Vigo publicará na súa páxina web oficial (www.vigo.org) a relación dos beneficiarios e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude de axudas leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis. Por razón da súa contía, os mesmos datos serán publicados no BOP segundo correspondan. Por outra banda, notificaranse de xeito individual os principais trámites de aprobacións.

O/A beneficiario/a da/s axuda/s deberá colocar un cartel segundo modelo do anexo IV das presentes bases por un período mínimo de 6 meses en lugar visible desde a rúa.

Base 9ª. Tratamento de datos de carácter persoal. Comprobación de datos.**Tratamento de datos de carácter persoal.**

Os datos dos solicitantes ou dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recolla é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras. A práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orde á conclusión do proceso de subvencións, converte a súa achega en obrigatoria.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais, e o Regulamento Xeral Europeo de Protección de Datos 2016/679, de 27 de abril, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría da Área de Urbanismo do Concello de Vigo.

O/A beneficiario/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, supresión, portabilidade, limitación do tratamento de información e a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas ante a Oficina Municipal que tramite estes expedientes na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Comprobación de datos.

No presente procedemento esta administración consultará os datos seguintes de cada persoa interesada:

a) Certificacións acreditativas de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da Tesouraría Municipal e da Axencia Tributaria de Galicia, así como estar ao corrente coas súas obrigas fronte ao Concello de Vigo.

b) Informe de Avaliación de Edificio no rexistro da XMU e a Etiqueta da Certificación de Eficiencia Enerxética rexistrada no correspondente RGEEE da vivenda.

c) Datos de persoas empadroadas nos inmobles.

As persoas interesadas poderán opoñerse a estas consultas mediante indicación expresa no Anexo I. Neste caso deberán achegar xunto ao Anexo I os documentos indicados.

En todo caso, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos datos indicados, poderá requirirse ás persoas interesadas, a presentación dos ditos documentos.

Base 10ª. Causas de denegación.

Serán rexeitadas todas aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos esixidos nestas bases ou sexan contrarias ao ordenamento xurídico.

Base 11ª. Compatibilidade con outras axudas.

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As persoas beneficiarias deberán comunicar ao centro xestor a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actuación subsidiada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento da xustificación da subvención outorgada.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

Tal e como preceptúa o art. 19.3 da LXS, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”, en cuxo caso, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo do proxecto subvencionado, xunto cos xuros de demora, unindo as cartas de pagamento á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).

En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar, unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas.

Base 12ª. Prazo e forma de xustificación das condicións da subvención.

As persoas beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos.

No caso de concesión de axudas para honorarios de proxecto, obras e equipamento na vivenda:

1. As persoas beneficiarias deberán comunicar ao concello de Vigo o inicio das obras, adquisición de equipamentos e/ou contratación de traballos técnicos. O Concello de Vigo, á solicitude do particular, poderá efectuar un pago a conta do 50% do importe subvencionable contratado como anticipo co inicio das actuacións de este programa.

As persoas beneficiarias deberán comunicar a finalización das obras, a adquisición dos equipamentos, etc, dentro dos prazos sinalados na resolución de concesión e presentar a documentación xustificativa das actuacións realizadas.

Estas comunicacións, realizaranse mediante a presentación do Anexo III.

O prazo máximo para achegar a xustificación será o día 30 de novembro do ano en curso (2026 ou 2027) ou o indicado na resolución de concesión da subvención. De non achegarse nos ditos prazos perderase o dereito a percibir a axuda.

A conta xustificativa establecida no Anexo III así como a documentación acreditativa necesaria que deberá achegarse xunto a esta, será o necesario para a xustificación da subvención.

As formas de presentación da conta e documentación xustificativa serán as mesmas que para a presentación das solicitudes, establecidas na Base 7ª.

Se se apreciaren defectos emendables na documentación xustificativa presentada, requirirase á persoa beneficiaria outorgándolle un prazo máximo de 10 días hábiles para que a presente correctamente, o que lle será notificado ao suxeito interesado na dirección electrónica indicada para o efecto, ou no seu caso, consonte co previsto nos arts. 40 e seguintes da PAC-AP. A falla de presentación da documentación requirida, transcorrido o prazo, levará aparellada a perda do dereito de cobro da subvención e o inicio do procedemento de reintegro, de ser o caso.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

- Documentación xustificativa.

A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterá a seguinte documentación e información:

a) Certificado/informe final de obra asinado por técnico competente, se é o caso, e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.

b) Copias das facturas relativas ao investimento, aos honorarios ou ás relativas á actuación subvencionada e documento acreditativo do pagamento á empresa ou profesional correspondente dos importes consignados nas facturas.

c) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas (deberá vir asinada pola persoa solicitante da axuda municipal ou a persoa que a represente).

d) Copia simple do título habilitante municipal necesario para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

e) Copia de Certificado enerxético realizado xunto coa Etiqueta da CEE e xustificante do rexistro RGEEE, de ser o caso.

f) Copia de contrato de seguro que cubra a falta de pagamento ou multiriscos da vivenda, de ser o caso.

- Documentación acreditativa de cumprimento de alugueiro a prezo taxado.

O solicitante deberá acreditar no prazo máximo de 3 meses desde o pagamento da subvención que a vivenda está alugada axustando o importe do contrato ás condicións das vivendas de alugueiro a prezo taxado establecidas no apartado 1.1 destas bases.

Considerarase acreditado o cumprimento logo da achega ao expediente de subvención da copia do contrato de alugueiro da vivenda e do xustificante do depósito da fianza no número de conta da Xunta de Galicia.

Base 13ª. Tributación das axudas.

Segundo a lexislación vixente, as presentes axudas tributan como ganancia patrimonial aos efectos do IRPF.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

Base 14ª. Perda e reintegro da subvención. Réxime de infraccións e sancións.

Son causa de perda e reintegro da subvención, as previstas no art 33 da LSG e no art 37 da LXS, na forma prevista pola lexislación vixente. A cantidade a reintegrar (sen prexuízo das sancións que poidan corresponder por incumprimento ou falsidade) verase incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis a porcentaxe establecida no art 34 da LSG.

En canto ao réxime de infraccións e sancións en que poidan incurrir as persoas beneficiarias, estarase ao disposto na LXS, no RLXS, á LSG e á lexislación vixente reguladora do procedemento sancionador.

Base 15ª. Normativa de aplicación.

A concesión destas axudas rexeráse: pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións; o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; e o D 11/2009 polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Ademais da lexislación anterior, e en todo o que non for descrito nas presentes bases, seranlle de aplicación as seguintes disposicións:

- O Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana.
- A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público.

Esta normativa será de aplicación de non existir unha disposición posterior que a anule ou a modifique.

Base 16ª. Disposición adicional. Crédito orzamentario.

A contía total destinada para estas axudas será de 2.150.000 € (dous millóns cento cincuenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 1510.7800002, incluída no capítulo VII (“Transferencia de capital”), denominada “Axudas Programa vivendas baleiras para alugueiro a prezo taxado 2026-2027” do orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo. Dita contía poderá ser obxecto de ampliación mediante nova consignación ou modificación orzamentaria. O crédito orzamentario no exercicio 2027 queda supeditado a incorporación do remanente existente a 31 de decembro de 2026 e/ou a consignación que se realice no Orzamento 2027.



Xoves, 30 de abril de 2026

Núm. 81

Base 17ª. Disposición final.

Estas Bases entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e terán vixencia ata o 31 de decembro de 2027, sendo o prazo máximo de recoñecemento das axudas o 30 de novembro de 2027, data límite a partir da cal non se poderán conceder ningunha axuda, de non existir disposición que modifique ou amplíe esta data de vixencia para a aplicación do programa que se desenvolve nas presentes Bases.

Anexos dispoñibles na web do Concello de Vigo:

Anexo I. IMPRESO SOLICITUDE OFICIAL.

Anexo II. COMPOSICIÓN E DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA DA PERSOA SOLICITANTE E COMPROBACIÓN DE DATOS.

Anexo III. RELACIÓN DE TITULARES DA VIVENDA BALEIRAS- DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Anexo IV. PUBLICIDADE CORPORATIVA.

Vigo na data da sinatura electrónica

María José Caride Estévez,

Concelleira Delegada da A.G. de Urbanismo e Vivenda

